




PATRIMONIO

As terras de Camariñas xa foron poboadas na época megalítica, así o testemuñan os restos do túmulo da Mámoa de Reira, situada enfronte das praias do mesmo nome, ou os castros de Mourín e Monte Croado.

Relixioso

A igrexa parroquial Sta. María de Xaviña (s.XII), é un fermoso templo que presenta unha soa nave con bóveda de canón e capiteis románicos con decoración vexetal e figurada. No lugar de Santa Mariña, onde hoxe se erixe un templo, houbo un antigo mosteiro bieito, "os monxes negros" de Santa Mariña de Tosto; considerado un dos focos máis antigos da cristianización destas terras.

A igrexa de San Xurxo de Buría (s.XVIII), na parroquia de Camariñas; foi donativo dun emigrante en México. No interior destacan os retablos, algún deles data do s.XV; e as esculturas de Xosé Ferreiro, un dos artistas neoclásicos galegos de maior relevancia.

Civil

No século XVIII construíuse o Castelo do Soberano, un baluarte defensivo que dominaba a ría de Camariñas, este recinto amurallado dispoñía dun sistema de troneiras para as pezas de artillería e no interior unha construción que servía como polvoreira e para albergar ás tropas. Actualmente só se conservan os cimentos e parte da zona baixa do muro exterior. Do século XIII data a ponte que atravesa o río Grande e que da nome a Ponte do Porto. Dentro da arquitectura civil, o Pazo dos Mouzo, do s.XVIII, e o Pazo da Paxariña, do s.XVI son un reflexo da vida señorial da comarca.



Plan de Axudas Programa LEADER 2014-2020

Territorio GDR– Costa da Morte.
O ámbito territorial de actuación do programa xestionado polo **GDR–Costa da Morte** correspóndese cos seguintes concellos:

- | | | |
|-------------------------|--------------|-------------|
| > Cabana de Bergantiños | > Coristanco | > Mazariños |
| > Camariñas | > Dumbria | > Muxia |
| > Carballo | > Fisterra | > Ponteceso |
| > Carnota | > A Laracha | > Virmianzo |
| > Cee | > Laxe | > Zas |
| > Corcubión | > Malpica | |

Edificio Servicios Múltiples, Rúa A Torre, s/n 15129 – VIMIANZO T. 678 648 065	Centro Comarcal de Bergantiños, A Compos, s/n, Buño, 15111 – MALPICA DE BERGANTIÑOS T. 608 633 222
---	---

+ info | 981 71 73 58
gdrcostadamorte.com



En Camariñas, preto das praias de Reira hai unha interesante construción do século XVI coñecida como O Foxo dos Lobos. Cando non existían as armas de fogo, as xentes da contorna reuníanse para facer batidas, e espantaban ao lobo cara ao foxo, que estaba cuberto con maleza e funcionaba como unha trampa.

UNHA NATUREZA ABRAIANTE

A costa de Camariñas é agreste e salvaxe, unha paisaxe de naufraxios e tempestades, ferida polos ventos e polas acometidas dun mar embravecido.

A maior parte deste litoral, está incluído dentro do LIC (Lugar de Interese Comunitario) Costa da Morte da Rede Natura 2000. Este espazo ofrece una biodiversidade de gran valor, con especies protexidas de flora e fauna; como a gaivota tridáctila, o paíño europeo ou o corvo mariño cristado, en perigo de extinción; e as únicas colonias de cría españolas de arao común. A vexetación é moi variada e cun alto nivel de conservación, brezaís e matogueiras, nos acantilados o perexil mariño e a herba de namorar, e nas praias e dunas a caramiña (Corema album), unha especie endémica pouco común.

Cara ao interior, a natureza tórnase máis suave e sosegada ata chegar á desembocadura do río Grande, na ría de Camariñas; unha paisaxe de excepcional beleza onde as augas doces mestúranse coas salgadas do océano Atlántico.

A mellor forma de coñecer esta natureza é facer algunha das rutas de sendeirismo, que che achegarán a moitas destas paraxes increíbles. Como a Ruta dos Naufraxios, a do Litoral, a ruta da Insua, a dos Muiños e a ruta Costa da Morte.



MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS

O Encaixe de Camariñas, un dos patrimonios culturais máis importantes de Galicia, é a manifestación da identidade dun pobo, transmitida de xeración en xeración, e de muller a muller; un patrimonio que engloba un mundo de relatos, cancións e lendas, e a mestría e a delicadeza das mans tecendo debuxos imposibles.

A historia do pobo de Camariñas está intimamente ligada ao encaixe de bolillos, unha actividade que está documentada nestas terras desde a idade media. O comercio marítimo propiciou a orixe desta actividade.

A importancia que alcanzou esta artesanía pode verse na Mostra do Encaixe de Camariñas, recoñecida como Festa de Interese Turístico; unha feira internacional que se organiza cada Semana Santa, con desfiles de moda, e exhibicións das pallleiras locais, nacionais e internacionais. No Museo do Encaixe podes ver unha exposición permanente con deseños e pezas de encaixe e os utensilios e materiais utilizados para a súa elaboración.

PRAIAS

As praias de Camariñas son moi diversas; praias salvaxes fronte ao océano Atlántico, praias tranquilas ao abrigo da ría ou da contorna urbana, cada unha é única e merece a pena coñecelas. As praias de Area da Vila, Lingude, O Ariño, Camelle e Arou son urbanas ou semiurbanas. Area Grande, Area Longa e Pedrosa, son as praias virxes de Reira, situadas ao norte do Cabo Vilán.



AS FESTAS DO CARMEN

No concello de Camariñas celébranse varias festas ao longo de todo o ano. Pero as máis importantes son as Festas do Carme.

Cada 16 de xullo, as xentes do mar viven con paixón unha festa na honra da súa patroa. O pobo e os barcos engalananse con bandeiras e fitas de cores; ten lugar a ancestral Danza de Arcos, na que os bailaríns executan pasos de baile movendo arcos de madeira adornados con flores. Fan un percorrido polo pobo para recoller a imaxe da virxe que sairá en procesión nos barcos.

Na entrada da ría, as embarcacións realizan unha ofrenda floral na memoria dos mortos do mar. De regreso a Camariñas, no peirao, o desembarco da patroa baixo a bóveda de arcos de cores é un dos momentos de máis emoción desta festa.



MONTE BRANCO

A enseada do Trece é un lugar indescribible, difícil de imaxinar, podería dicirse sen esaxerar que é unha das paraxes naturais máis fermosas de toda a Costa da Morte.

Fronte á inmensidade do océano, trece calas virxes sucédense dende a Punta do Boi ata o Monte Branco; o ruxir do mar como unha advertencia, avísanos que non estamos ante o dominio dos homes e que hai que achegarse con respecto.

Este espectáculo para os sentidos culmina na metamorfose que fai a praia para mudar en monte; a area, empuxada polos ventos durante miles de anos escala unha das abas do monte Beo, dando lugar a un fenómeno pouco común. Unha "duna rampante" de 150m de altura, coñecida como Monte Branco; a máis alta de España e unha das máis altas de Europa.

Este entorno é un fráxil ecosistema de gran valor ecolóxico, onde medran especies endémicas como as caramiñas, en perigo de extinción, e que aquí teñen a maior reserva do noroeste español.

MUSEO DO ALEMÁN

Situado en Camelle, é unha verdadeira homenaxe á imaxinación e á vida; unha xenialidade. O museo divídese en dous, un ao aire libre creado polo artista alemán Manfred Gnädinger, máis coñecido polo nome de "Man, o alemán de Camelle". Cando Man vivía no museo, pois era o seu fogar, pedía aos visitantes que debuxasen no seu caderno, xa que en "cada papel está a alma de cada un e o meu obxectivo é facer un gran rañaceo con todas elas", adoitaba dicir. E un segundo no edificio municipal Casa do Alemán do porto de Camelle, onde se protexe e difunde o legado artístico e personal.

FARO VILÁN

Sobre os cantís rochosos de Cabo Vilán, álzase un dos faros máis emblemáticos da Costa da Morte. A orografía debuxa unha silueta inconfundible, que lembra a un monstro mariño emerxendo das augas, e sobre este escarpado promontorio que penetra o mar; a 100m de altura, Faro Vilán domina o océano, guiando coa súa luz aos barcos que navegan nas escuras noites da Costa da Morte.

A historia de este faro está ligada ao tráxico naufraxio do Serpent (1890), este suceso foi o motivo que o converteu no primeiro faro eléctrico de España, a súa luz alcanza as 60 millas mariñas. O edificio é moi fermoso, a torre que alberga a lanterna ten 25m de altura e está separada do edificio por un túnel cuberto. O edificio principal é visitable, nel está o Centro de Interpretación dos Naufraxios da Costa da Morte. A visión do conxunto é inesquecible, cabo Vilán foi declarado Sitio Natural de Interese Nacional en 1933.

CEMITERIO DOS INGLESES

Incluído dentro da "Ruta Europea de Cementerios Significativos". Entre punta do Boi e punta da Cagada está un dos puntos máis fatídicos da Costa da Morte, en oito naufraxios o mar cobrouse 245 vítimas.

Pero o máis tráxico foi o desgraciado afundimento do Serpent, que bateu nos escollos que hoxe levan o seu nome; dos 175 tripulantes só se salvaron 3, o cura de Xaviña mobilizou ás xentes do lugar para dar sepultura ós corpos.

Así, da noite á mañá creouse un cemiterio no mesmo lugar da traxedia; no interior do recinto están os restos do capitán e dos oficiais, e no exterior, os dos mariñeiros. O Cemiterio dos Ingleses está incluído na Ruta Europea de Cementerios Singulares, recoñecida, igual que o Camiño de Santiago como Itinerario Cultural Europeo.



GDR

COSTA DA MORTE

UN TERRITORIO CHEO DE RIQUEZAS

GDR Costa da Morte somos unha asociación sen ánimo de lucro creada para integrar e representar aos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento deste territorio.

As nosas competencias abarcan desde a xestión de axudas do Programa "Leader Galicia 2014-2020" ata a promoción e divulgación do noso territorio. Informamos e asesoramos á poboación rural sobre os programas de desenvolvemento rural e incentivamos a participación activa nos mesmos, ademais de promover e captar iniciativas acompañando aos promotores no proceso de maduración dos proxectos.

Outra vertente do noso traballo é dar a coñecer os valiosos recursos e o gran patrimonio destas terras, dende o turismo, a gastronomía, o patrimonio inmaterial, artístico, arqueolóxico ou natural.

O GDR Costa da Morte está composto por 17 concellos: **Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxia, Ponteceso, Vimianzo e Zas.**

Cada concello é único e aporta un gran valor á nosa iniciativa, desde recursos naturais, económicos, turísticos, culturais, gastronómicos, patrimoniais ata iniciativas pioneiras da nosa xente; o aproveitamento e a divulgación destes bens promoven o desenvolvemento do noso ámbito.


Coñecelos todos é descubrir unha gran parte da riqueza da nosa terra.

RUTAS

-  CAMIÑO DE SANTIAGO
-  R1 ----- MEGALÍTICA
-  R2 ----- DO ROMÁNICO
-  R3 ----- DA PAISAXE
-  R4 ----- DOS FAROS
-  R5 ----- FÁBRICA DA LUZ
-  R6 ----- DO RÍO ANLLÓNS
-  R7 ----- CAMIÑO DA RIBEIRA
-  R8 ----- SANTO HADRIÁN
-  R9 ----- OS PINOS NO MAR
-  R10 ----- DAS PRAIS
-  R11 ----- DAS FÉRVEDAS

QR

Amplía información da Costa da Morte



SIMBOLOXÍA

- | | | | |
|---|----------------------|---|--|
|  | Camino de Santiago |  | Ponte |
|  | Punto de información |  | Conxunto Histórico |
|  | Aula da Natureza |  | Lonxa Fisterra |
|  | Cemiterio de Cores |  | Petroglifo |
|  | Muíño |  | Marco do Couto |
|  | Igrexa Santuario |  | Dolmen |
|  | Pazo |  | Museo |
|  | Castelo Torre |  | Praia |
|  | Cruceiro |  | Fervenza Encoro |
|  | Horreo |  | Faro |
|  | Museo do Alemán |  | Paisaxe |
|  | Pedras Máxicas |  | Centro de Interpretación Monte Pindo e Fervenza do Ézaro |

